

Rede Galega de Promoción da Saúde na Poboación Xitana

Tempo estimado de lectura: 3 min

Autor: **Xanela Aberta á Familia**

Relacionados:

Estudo de saúde da Poboación Xitana en Galicia

Xornada formativa da DXSP ás integrantes da Rede Galega de Promoción da Saúde na poboación Xitana

Venres saudable nº14 - decembro 2024 



A Rede Galega de Promoción da Saúde na Poboación Xitana, é unha das accións desenvolvidas pola Consellería de Sanidade a través do plan “Obesidade Zero en Galicia 2022-2030” que busca reducir a obesidade da poboación galega. Un dos obxectivos do Plan é reducir as desigualdades e fomentar accións que teñan en conta a equidade, garantindo un acceso xusto aos recursos sanitarios, para que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades de desenvolver e manter a súa saúde.

A través desta Rede contratáronse sete mulleres integrantes desta comunidade (unha por cada área sanitaria), que actuarán como mediadoras de saúde, favorecendo a adquisición de habilidades en hábitos de vida saudables respectando a súa identidade e cultura.



Os seus principais obxectivos son: mellorar o estado de saúde deste colectivo, minimizar as posibles desigualdades existentes, potenciar a súa participación nas accións comunitarias, fomentar cambios na contorna que lles facilite desenvolver uns estilos de vida saudables e promover o traballo en rede de todos os actores que inflúen na promoción da saúde. Para isto, será necesario mellorar a alimentación, o aumento do exercicio

físico, a prevención de accidentes e a redución do consumo de tabaco, alcol e outras sustancias adictivas. Para o cal é imprescindible acercar a comunidade xitana aos servizos de saúde e estes á súa realidade.

Para a posta en marcha desta iniciativa, a consellería de Sanidade publicou a ORDE do 1 de abril de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras dunha subvención, cofinanciada nun 60% pola Unión Europea, no marco do programa do Fondo Social Europeo Plus Galicia 2021-2027, para realizar programas de saúde pública no campo da promoción da saúde da poboación xitana.



Como primeiro paso desta subvención, realizouse unha formación inicial en materia de promoción de saúde, para as sete referentes, en temas como: os determinantes sociais da saúde, diagnóstico de saúde comunitaria, sistema sanitario, educación para a saúde, promoción de estilos de vida saudables, prevención de enfermidades, uso adecuado de medicamentos, programas de detección precoz, atención sanitaria a muller e a adolescencia, coidado da saúde mental, etc.

Nunha segunda fase realizouse un estudo diagnóstico sobre a situación da poboación xitana galega en materia de saúde, co fin de detectar as necesidades e para orientar ás mediadoras na formación e nas estratexias de intervención a levar a cabo nas súas áreas de influencia.

Unha vez rematado este estudo, desenvolveranse as actividades para o fomento de estilos de vida saudables e a diminución dos seus factores de risco, mediante a promoción e a educación para a saúde de acordo ao seu propio contexto e tendo en conta os resultados obtidos na enquisa.

Dende xullo de 2024 ata xuño de 2027, período de vixencia do proxecto, terá lugar a formación continuada, das mediadoras ou referentes en saúde segundo as súas características e as necesidades da área sanitaria na que desenvolvan as accións, para a mellora e o reforzo das habilidades e coñecementos necesarios para a promoción da saúde.

Durante todo o proceso, realizarase unha avaliación continua para

adequar e mellorar as actividades de promoción da saúde implantadas en cada territorio.

